

## **Procedemento de escolarización extraordinaria**

### **Escolarización extraordinaria**

O procedemento de escolarización extraordinaria comprende a tramitación durante o curso escolar das solicitudes de escolarización motivadas por algunha das seguintes causas:

1. Traslado da unidade familiar debido a algunha das seguintes causas: mobilidade forzosa de calquera das persoas proxenitoras ou titoras, discapacidade sobrevida de calquera dos membros da unidade familiar ou cambio de residencia derivado de actos de violencia de xénero.
2. Outros supostos de traslado do domicilio da unidade familiar, motivado por causas distintas ás indicadas no número 1, que impliquen cambio de localidade.
3. Traslado de centro durante o curso sen cambio de localidade.
4. Incorporación tardía ao sistema educativo.
5. Inicio dunha medida de protección (tutela ou garda) a través de acollemento familiar ou da incorporación a un centro de menores
6. Agrupamento da unidade familiar nunha mesma localidade que implique a necesidade de solicitar a escolarización.
7. Situación de acoso escolar.

### **Presentación de solicitudes de escolarización extraordinaria**

Esta solicitude e a comprobación de datos e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acolladora (ED550C anexos III e III-bis), cando se dirixan a un centro docente, deberán presentarse presencialmente no propio centro ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Cando estas solicitudes se dirixan á xefatura territorial respectiva, poderán presentarse ademais por vía electrónica, mediante o formulario normalizado dispoñible (PR004A). Solicitudes que non contan cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>

Estas solicitudes deberán estar asinadas na forma indicada no artigo 26.6.

### **Documentación complementaria (ED550C)**

1. As persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación:
  - a) Anexo III-bis (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e de consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acolladora).
  - b) Documento acreditativo da representación.
  - c) Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou, convenio regulador onde conste a custodia do menor.
  - d) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento familiar.

- e) Traslado da unidade familiar por mobilidade forzosa das persoas proxenitoras ou titoras: documentación xustificativa do carácter forzoso do traslado e certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar.
- f) Traslado da unidade familiar por discapacidade sobrevida de calquera dos membros da unidade familiar: o certificado de discapacidade non expedido pola Administración autonómica e certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar.
- g) Traslado en caso de cambio de residencia derivado de actos de violencia de xénero: documentación que considere xustificativa do motivo alegado para o cambio.
- h) Outros supostos de traslado da unidade familiar, distintos dos indicados nas letras e), f) e g), que impliquen cambio de localidade: certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar.
- i) Traslado de centro durante o curso sen cambio de localidade: documento acreditativo.
- j) Inicio dunha medida de acollemento familiar: resolución xudicial ou administrativa acreditativa.
- k) Agrupamento da unidade familiar nunha mesma localidade: documentación que considere acreditativa da circunstancia determinante do cambio de localidade e certificado de convivencia.
- l) Situación de acoso escolar: documentación que considere xustificativa do motivo alegado para o cambio.

A documentación complementaria poderá presentarse presencialmente no centro docente a que se dirixa a solicitude ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, ou por vía electrónica cando a solicitude se dirixa á xefatura territorial.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requisitar a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código, o centro docente e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.